

Declaración institucional en apoio ás reivindicacións das persoas traballadoras da pranta "SIEMENS GAMESA" do concello de As Somozas

O pasado mes de xaneiro a empresa "Siemens Gamesa" fai efectiva a compra dunha fábrica de palas en Vagos (Portugal), municipio onde están a realizar un gran investimento, apostando por poñer novos modelos de palas, como é o caso do modelo G145; elo, a pesar de que no mes de outubro do ano pasado, foi a propia empresa a que comunicou ós traballadores que existían serias posibilidades de que o sinalado modelo se implantara na pranta do concello de As Somozas, se ben, a día de hoxe, o certo é que onde está en funcionamento é na pranta portuguesa, como acontece co resto dos novos modelos (G155 e G170).

Estas circunstancias provocan o temor dunha posible deslocalización, co conseguinte peche da pranta do Concello de As Somozas, pois na xuntanza mantida entre o Comité de Empresa e os representantes da empresa "Siemens Gamesa" o pasado 9 de xullo, o Director de Operacións de Palas comunicou que únicamente estaba asegurada carga de traballo ata finais do presente ano 2020, e que, ata o de agora, non se contemplaba ningún investimento na pranta sita no Concello de As Somozas.

Ante este panorama, o Comité de Empresa de "Siemens Gamesa" ven de transmitir a súa profunda preocupación a este Grupo Provincial, polo incerto futuro da pranta; unha pranta que neste momento mantén o emprego de 300 traballadores das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

Ata o de agora, a pranta de As Somozas tiña unha importante carga de pedidos no mercado nacional, no norte de Portugal e no sur de Europa, que constitúen para as comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, e especialmente para os seus sectores industrial e tecnolóxico, unha magnífica oportunidade, por canto se dispón xa de gran experiencia consolidada neste sector.

O Comité de Empresa teme unha posible deslocalización da empresa hacia Portugal, do que xa hai exemplos na contorna, como é o caso de "Poligal", e que todas as futuras inversións da empresa sexan derivadas á nova pranta portuguesa de Vagos.

Así as cousas, o Comité de Empresa de "Siemens Gamesa" solicita a creación dunha mesa de traballo para estudar a viabilidade da pranta ubicada no Concello da Somozas, na que participen, tanto a parte empresarial, como o Comité de Empresa, así como as administracións local e autonómica.

Por estes motivos, o Pleno da Corporación adopta os seguintes

ACORDOS:

1. Expresar o seu total apoio ó Comité de Empresa da pranta de "Siemens Gamesa" no Concello de As Somozas nas súas reivindicacións, para manter os seus postos de traballo, nunha comarca xa de por sí castigada pola falta de carga de traballo.
2. Instar á Xunta de Galicia e ó Goberno Central a tomar as medidas necesarias, que permitan a continuidade da actividade na pranta de "Siemens Gamesa" no Concello de As Somozas, aproveitando as oportunidades que ofrecen os plans de Transición enerxética da Unión Europea.